



Guía Docente				
Datos Identificativos				2012/13
Asignatura (*)	Profesións Sanitarias: Formación, Bioética e Deontoloxía	Código	653462113	
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	1º cuatrimestre	Primeiro	Optativa	3
Idioma	Castelán			
Prerrequisitos				
Departamento	Dereito Público Especial			
Coordinación	Vergara Lacalle, Oscar	Correo electrónico	oscar.vergara@udc.es	
Profesorado	Vergara Lacalle, Oscar	Correo electrónico	oscar.vergara@udc.es	
Web				
Descrición xeral				

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)	Competencias da titulación		
- Comprensión da dimensión ética e deontolóxica das profesións sanitarias.	AM3	BM13	CM4 CM7
- Coñecemento do significado e as repercusións da Bioética.	AM1	BM5 BM8 BM10	CM4
- Coñecemento das respostas éticas, deontolóxicas e xurídicas aos desafíos que a evolución das ciencias biosanitarias prantexan aos profesionais da saúde.	AM4	BM2 BM5	CM3 CM6 CM8
- Adquisición do coñecemento do significado ético e xurídico do exercicio profesional.	AM1	BM13	CM3
- Comprensión e utilización dos principais conceptos éticos, deontolóxicos e xurídicos das ciencias da saúde e das profesións sanitarias.	AM1	BM4 BM6	
- Adquisición de habilidades para identificar y avaliar os problemas éticos presentes na práctica profesional.	AM3	BM2 BM3 BM5	CM4
- Adquisición de habilidades para a xestión dos feitos, os valores e os dereitos nos procesos de toma de decisións no exercicio profesional.	AM1	BM5	CM4
- Adquisición da capacidade de argumentación a través dos principios, dereitos e valores nos procesos de avaliación e toma de decisións nas ciencias da saúde.	AM1	BM1 BM3 BM4 BM6 BM7 BM10	CM1 CM4

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A Bioética	Historia. Concepto. Fundamentación. Metodoloxía.



Tema 2. Ética e profesións sanitarias	As profesións sanitarias. A deontoloxía profesional. Bioética e Deontoloxía. A responsabilidade: ética, deontolóxica e xurídica. Os fins da medicina. As relacións entre profesionais. Os deberes dos profesionais sanitarios. Os dereitos dos profesionais sanitarios. Algunhas cuestións específicas: o intrusismo profesional. A obxección de conciencia. A síndrome de esgotamento profesional (burn-out). As baixas laborais. A seguridade clínica. O sistema de saúde e o sistema sociosanitario. A ética das organizacións sanitarias.
Tema 3. A relación asistencial	Modelos de relación. Do paternalismo á autonomía e aos dereitos.
Tema 4. Bioética e dereitos humanos	Os dereitos dos pacientes e usuarios. Os deberes dos pacientes e usuarios.
Tema 5. O proceso de toma de decisións (I)	Bioética e razoamento práctico. O consentemento informado. As instrucións previas. As decisións de representación.
Tema 6. O proceso de toma de decisións (II)	Información e documentación clínica. Intimidade, confidencialidade e segredo profesional. Os datos de saúde. A historia clínica.
Tema 7. O proceso de toma de decisións (III)	Os comités de ética. Comités de ética asistencial e comités de investigación clínica.
Tema 8. O proceso de toma de decisións (IV)	A saúde e o dereito á protección da saúde. Dimensión sanitaria e dimensión social da asistencia. Xustiza e recursos sociosanitarios.
Tema 9. Cuestións bioéticas do comezo da vida	Sexualidade e reprodución. As técnicas de reprodución humana asistida. Investigación e intervencións xenéticas. Consello xenético. Aborto.
Tema 10. Cuestións bioéticas do final da vida	A dispoñibilidade da propia vida. Eutanasia e suicidio asistido. A determinación da morte. Extracción e transplante de órganos e tecidos. Os cuidados paliativos.
Tema 11. Ética e investigación biosanitaria	Historia. Principios éticos. A investigación en seres humanos ou con material de orixe humana. A experimentación con animais.

## Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	22	22	44
Estudo de casos	4	0	4
Traballos tutelados	0	7	7
Análise de fontes documentais	0	12	12
Proba de ensaio	2	4	6
Atención personalizada	2	0	2

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	A exposición oral será complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Estudo de casos	Os casos teñen coma obxectivo estimular a reflexión e afacerse ao manexo dos principios, valores e dereitos presentes na práctica clínica. Diríxense principalmente ao desenvolvemento das habilidades argumentativas e a posta en funcionamento dos coñecementos adquiridos nas sesións teóricas e na aprendizaxe individual e colectiva.
Traballos tutelados	O obxectivo desta actividade é fomentar a aprendizaxe autónoma por parte do estudante, fóra do ámbito das aulas. A lectura, análise crítica e comentario de publicacións científicas, normas deontolóxicas ou xurídicas, ou documentos relacionados coa bioética e a dentoloxía profesional son o principal material de traballo. Os traballos parciais poderán consistir na presentación dunha acta dun Comité de ética asistencial que analiza e resolve dous casos clínicos. Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.



Análise de fontes documentais	Para o adecuado desenvolvemento desta materia é preciso o manexo de documentos deontolóxicos e xurídicos que serán facilitados aos alumnos co fin de que se familiaricen coa súa lectura. Os devanditos documentos proporcionan ademais unha guía imprescindible á hora de atopar solucións aos distintos casos que serán estudados.
Proba de ensaio	O exame constará de 10 preguntas que se corresponderán cos contidos do programa. A duración do exame será de 2 horas.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	Os traballos individuais serán tutelados, para o que o profesor establecerá un réxime de tutorías no que os alumnos poidan recibir a orientación pertinente para desenvolvelos. Así mesmo, o profesor estará dispoñible para calquera dúbida ou aclaración que os alumnos desexen realizar en relación co contido do programa.

### Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Proba de ensaio	No exame valorarase o nivel de coñecemento dos contidos do programa. O profesor indicará os materiais necesarios para contestar ás preguntas.	30
Estudo de casos	Valorarase a participación en clase; tanto en canto á forma (claridade, concisión, ilación, propiedade), como en canto ao contido (capacidade de discernimento, oportunidade da resposta, adecuación das fontes manexadas).	30
Traballos tutelados	Terase en conta a capacidade de análise e de síntese, así como o grao de aplicación da teoría á práctica. A unidade, a coherencia e a reflexión persoal serán os elementos a considerar de face a distinguir os mellores traballos.	40

### Observacións avaliación

--

### Fontes de información

Bibliografía básica	
Bibliografía complementaria	

### Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

### Observacións

--

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías